

Resolución Reitoral do 16 de xaneiro de 2012 pola que se abre a 1ª convocatoria de axudas para a organización de reunións internacionais, destinadas aos investigadores e tecnólogos dos socios promotores da agrupación estratéxica de I+D de Campus do Mar durante o ano 2012



## AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE REUNIÓNIS INTERNACIONAIS

Sendo seleccionado polo Ministerio de Educación na convocatoria de 2010 o proxecto Campus do Mar "Knowledge in depth" para obter a cualificación Campus de Excelencia Internacional de ámbito rexional "CEIR", do que a Universidade de Vigo é a entidade coordinadora, e co obxecto de aumentar a internacionalización do Campus do Mar mediante a organización de reunións de relevancia internacional, esta Reitoría

### RESOLVE:

Publicar unha convocatoria de Axudas para a organización de eventos de alcance internacional que permitan identificar, desenvolver e afondar nas liñas de actuación dos Clústeres de I+D e das Liñas Emerxentes de I+D do Campus do Mar, de conformidade coas bases da convocatoria expostas a continuación.

Contra esta Resolución de convocatoria, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/198, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante o(s) interesado(s) poderá(n) optar por interpor contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que ditou, neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 16 de xaneiro de 2012



O REITOR  
Salustiano Mato de la Iglesia

NOTA: Dilixencia para facer constar que este acordo se publica nos taboleiros de anuncios do Rexistro do Campus de Vigo desta Universidade con data 16 de xaneiro de 2012.

Xefa da Secretaría do Reitor

Carmen Estévez

Universidade de Vigo -  
Rexistro Xeral

Salida Nº. 201200000732  
16/01/2012 10:28:33

## AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE REUNIÓN INTERNACIONAIS

### 1.- OBXECTIVOS

O Programa de Investigación do Campus do Mar ten como unha das súas liñas de actuación dentro do seu Plan de Acción, a potenciación da internacionalización da I+D desenvolvida polos Clústeres e Liñas Emerxentes, a través do establecemento de novas colaboracións internacionais con institucións e organismos que, debido a súa calidade científica, aporten un valor engadido e contribúan á excelencia do Campus do Mar. Estas colaboracións poderán ter entre os seus obxectivos a realización conxunta de eventos científicos de impacto internacional de diferentes tipos e duracións, tales como congresos, workshops, xornadas sectoriais, etc., sempre con un compoñente aberto e internacional e onde o proxecto Campus do Mar teña un papel destacado como referente en temáticas mariñas.

Con esta convocatoria de axudas trátase de apoiar á organización na Comunidade Autónoma de Galicia de eventos de alcance internacional que permitan identificar, desenvolver e afondar nas liñas de actuación que deben perseguir os Clústeres e as Liñas Emerxentes de I+D tal como se define no proxecto de conversión en Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar” ([www.campusdomar.es](http://www.campusdomar.es)).

A execución das axudas deberá desenvolverse desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012.

### 2.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2012 0000 131HCEX 641.05 con un montante total de 100.000 €. O custe económico total das axudas financiadas na primeira resolución non excederá de 60.000 €. De non consumirse a totalidade do crédito na primeira edición, este reservaríase para a segunda fase de Resolución das axudas.

### 3.- SOLICITANTES

Poderán solicitar estas axudas os investigadores dos socios promotores da agregación de I+D do Campus do Mar (Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, e o Instituto Español de Oceanografía) asentados na Comunidade Autónoma de Galicia que pretendan presentar proxectos de investigación de carácter internacional e se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Doutores que se atopen vinculados co organismo beneficiario mediante unha relación estatutaria ou laboral de carácter indefinido, así como os doutores vinculados a dita entidade mediante un contrato do programa Ramón y Cajal e outros programas análogos en contía, duración e natureza.
- Titulados superiores, aínda que non posúan o título de doutor, sempre e cando acrediten a súa experiencia en actividades de I+D+i durante ao menos dez anos ou, alternativamente, que dirixiran proxectos de investigación da entidade equivalente ós

do Plan Nacional de I+D+i durante ao menos cinco años.

- Os profesores eméritos e doutores “ad honórem” con vinculación contractual coa entidade beneficiaria, que cubra, polo menos, o prazo de duración do proxecto.

Os investigadores solicitantes deberán cumprir os requisitos establecidos neste apartado o día no que finalice o prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria; calquera variación deberá comunicarse ó órgano de instrución de forma obrigatoria e explícita.

As temáticas de investigación nas que se enmarcarán as reunións internacionais cuxa organización é obxecto destas axudas deben enmarcarse no eido das liñas de investigación dos Clústeres e/ou Liñas Emerxentes de I+D de Campus do Mar, que figuran na memoria de conversión a Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar” ([www.campusdomar.es/descargas](http://www.campusdomar.es/descargas) ; Proposta global Campus do Mar).

#### **4.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

As solicitudes en modelo normalizado (Anexo I) presentaranse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou por calquera outro medio previsto na Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (artigo 38.4), e dirixiranse ao Reitor da Universidade de Vigo (para calquera dúbida ou aclaración dirixirse ao Campus do Mar, Universidade de Vigo, Praza Miralles, Campus Lagoas-Marcosende, 36310, Vigo, España) acompañadas da seguinte documentación:

- Memoria científica e económica do evento ou reunión que se pretende organizar, e que debe conter unha formulación detallada da temática abordada así como dos resultados que se pretenden conseguir (máximo 1000 palabras).
- Programa científico, puntualizando a relación de poñentes invitados e actividades a realizar.
- Composición do comité organizador e/ou científico da reunión, acompañado dos correspondentes CVs. Estes deben de estar formados por persoas pertencentes ao menos a dúas das institucións integrantes da agregación de I+D do Campus do Mar.
- Xustificación da relevancia e interese do evento para a internacionalización do Campus do Mar.
- Acreditación dos apoios de organizacións internacionais ao evento que se propón organizar.

A convocatoria permanecerá aberta desde a data de publicación da mesma ata o 30 de maio de 2012. A convocatoria resolverase en dúas fases. Na primeira fase avaliaranse todas as solicitudes recibidas ata o 29 de febreiro de 2012. Nunha segunda fase avaliaranse todas as solicitudes presentadas ata o 30 de xuño de 2012. As solicitudes que non foran seleccionadas na primeira fase serán consideradas de novo na segunda fase, agás que o solicitante comunique por escrito o contrario.

#### **5.- AVALIACIÓN E SELECCIÓN**

Unha Comisión de Avaliación presidida polo Director da Área de Investigación do Campus do Mar e formada polos membros da Comisión Executiva de Investigación do Campus do Mar, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas. Na avaliación das solicitudes considerarase:

- Memoria científica da reunión que incluíra o interese e relevancia científica da reunión e unha correcta identificación da temática e adecuada formulación da necesidade de levar a cabo a reunión (35%)
- Calidade do comité organizador e/ou científico do evento (25%)
- Recoñecemento internacional dos poñentes cuxa participación preténdese financiar (25%)
- Presenza de investigadores das universidades Portuguesas que forman parte do Campus do Mar no comité organizador e/ou científico do evento (5%)
- Adecuación do orzamento (10%)

As resolucións reitorais coas listas provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, así como as resolucións provisionais e definitivas de concesión publicaránse na páxina web do Campus do Mar ([www.campusdomar.es](http://www.campusdomar.es)) e no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo.

## **6.- NATUREZA E CONTIA DAS AXUDAS**

A Comisión de Avaliación elevará unha proposta de financiamento ao Equipo de Goberno do Campus do Mar, e finalmente ao Reitor como órgano convocante. As axudas que se concedan deben considerarse destinadas a algún ou varios dos seguintes casos:

- Axudas para a os gastos derivados da participación no evento de poñentes invitados de prestixio internacional
- Axudas para gastos xerais de organización (ata un máximo do 40% da cantidade solicitada)

A contía máxima da axuda será de 15.000 € por proxecto presentado.

Estas axudas son compatibles con calquera outra axuda concedida en convocatorias públicas, para a mesma finalidade e de conformidade coas bases reguladoras de cada convocatoria.

O pago das axudas realizarase mediante un pagamento único unha vez publicada a resolución definitiva de concesión.

## **7.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO OU BENEFICIARIA**

Os beneficiarios das axudas deberán presentar a seguinte documentación e cumprir coas seguintes obrigas:

- Entrega dun breve artigo (máx. 1 folio) sobre o evento realizado para a súa publicación na Newsletter do Campus do Mar. Este artigo deberá enviarse á Dirección do Campus do Mar dentro dos seguintes 30 días ao remate do evento
- Xestionar a impartición dunha conferencia por parte dun/ha dos/as invitados/as que será retransmitida en directo vía WebTV. O beneficiario/a deberá comunicar á Dirección do Campus do Mar o nome do conferenciante así como o título da conferencia xunto cun breve resumo da mesma 15 días antes do inicio do evento.
- O beneficiario/a da axuda autorizará a gravación do evento pola WebTV do Campus do Mar se o equipo de goberno de Campus do Mar así o considerara.

A non presentación deste documento e o non cumprimento das obrigas significará a rescisión da axuda concedida.

O beneficiario/a ademais deberá presentar os seguintes documentos para a xustificación de gastos:

- Informe sobre o evento organizado (máximo 2000 palabras)
- Certificado emitido polo organismo ao que pertence o investigador solicitante sobre os gastos cubertos polos fondos fornecidos a través desta axuda

Segundo a normativa de protección de datos, infórmase a cada candidato/a que os seus datos van formar parte dun ficheiro cuxo responsable é a Universidade de Vigo. Os seus datos serán tratados para a finalidade de incorporalos ao proceso de selección desta convocatoria e outras convocatorias con fins semellantes. O/a candidato/a poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo unha solicitude con copia do seu NIF ou pasaporte ao Campus do Mar. Atendendo ao artigo 14.2 do R.D. 1720/2007, infórmase que, se no prazo de 30 días o/a candidato/a non manifesta a súa oposición, entenderase que consente a que se manteña o tratamento dos seus datos. O/a candidato/a poderá revogar este consentimento en calquera momento.